



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CINECLUBE LUMIÈRE VIGO PARA A COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL NA CIDADE DE VIGO

En Vigo, a 19 marzo de 2018

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **Xoán Manuel Novegil González-Anleo**, con DNI 76807119E, na súa calidade de presidente do **Cineclube Lumière Vigo** (en adiante o Cineclube), con CIF G-36758696, con sede na rúa Doutor Cadaval, 33, 4º A, 36202 Vigo.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO.- Que o Cineclube Lumière Vigo ten como fins, segundo se estipula nos seus estatutos, a promoción e a difusión da cultura cinematográfica, o estímulo da vocación e interese polo estudo e goce do cine e o achegamento deste á sociedade dun xeito crítico e educativo, para o que pode realizar, entre outras, actividades como a programación de proxeccións cinematográficas en colaboración con outras entidades ou asociacións de interese social e cultural e a programación de ciclos temáticos de cine.



TERCEIRO.- Que o Cineclube Lumière Vigo, un dos cineclubes galegos de máis importancia, leva anos apostando firmemente polo desenvolvemento cinematográfico na cidade de Vigo, cunha ampla e variada programación que pon a disposición dos cidadáns pezas fundamentais da sétima arte.

CUARTO.- Que a Agadic considera necesario impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros centros con fins semellantes ou complementarios. A colaboración, neste caso, co Cineclube Lumière Vigo busca indiciar nun maior coñecemento das artes da imaxe e posibilitar un enriquecemento e variedade da oferta cultural na cidade de Vigo, polo que ambas as entidades consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2018 que profundicen na promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das actividades obxecto deste convenio.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Que o obxecto deste convenio é a colaboración na organización dun programa de difusión de produción audiovisual na cidade de Vigo, cunha programación que se estenderá dende marzo ata o 17 de decembro de 2018, cun máximo de 30 semanas, a razón dun programa por semana (exceptuando os meses de xullo e agosto), e ao longo das cales se proxectarán un mínimo de sete títulos de produción galega, así como unha escolma representativa da diversidade da programación da sala de proxeccións do Centro Galego de Artes da Imaxe dos últimos meses.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO

O Cineclube e a Agadic serán as entidades organizadoras do programa, encargándose, ambas, da realización das actividades necesarias para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, nun proceso de colaboración continua.

A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades coordinarán conxuntamente o programa de exhibición da produción audiovisual, designarán o persoal máis axeitado de cara á conformación do equipo necesario para a coordinación do proxecto, que deberá manter reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo, e xestionarán calquera modificación que xurda no desenvolvemento das actuacións a través dos medios materiais, técnicos e humanos necesarios para a súa consecución, nun proceso de colaboración mutua entre ambas as entidades.

Polo que respecta ao persoal designado por parte do Cineclube, este non terá relación laboral, contractual ou de calquera outra índole coa Agadic.



CUARTA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A Agadic e o Cineclube, como se apunta na cláusula terceira, **coordinarán de forma conxunta** o programa de exhibición da produción audiovisual. **Corresponderalle ao persoal do CGAI designado pola Agadic a selección dos títulos programados, atendendo ás suxestións do Cineclube.**

A Agadic asumirá, ata o máximo especificado na cláusula sétima deste convenio, **os custos xerados pola adquisición dos dereitos de emisión das producións, así como os custos dos traslados ocasionados no desenvolvemento do programa de exhibición e os custos de comisariado e preparación dos programas, se os houbese.**

O Cineclube, pola súa banda, comprométese a **contar cun espazo de exhibición axeitado** aos fins do programa e a mantelo en condicións idóneas. Neste sentido, o Cineclube conta coa colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Vigo, que cede o Auditorio Municipal do Concello de Vigo na praza do Rei para desenvolver este proxecto.

Os beneficios que se puidesen xerar deberán repercutir exclusivamente no cumprimento dos fins do Cineclube consignados nos seus estatutos, **sen que caiba ningún tipo de fin lucrativo** entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo. En todo caso, os títulos galegos subvencionados deben ser emitidos sen estar suxeitos a ningún tipo de pagamento de entrada por parte do público asistente.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto e lograr a maior participación do conxunto da sociedade galega.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración así como a empregar os logotipos de ambas as entidades. O Cineclube comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa do CGAI, a da Agadic e a xenérica da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a **colaboración da Agadic (da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)** no desenvolvemento das actividades conveniadas.

QUINTA.-SEGUIMENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa, que deberán ser entregados de forma periódica polo Cineclube e no que consten datos de aforo, asistentes, taquilla... e todos aqueles que se considere significativo reseñar.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte do Cineclube actuará como responsable desta comisión o presidente da entidade, ou persoa que designe en substitución.



SÉTIMA.- FINANCIAMENTO

Para o desenvolvemento deste programa, a Agadic reserva **ata un máximo de 12.500 (doce mil cincocentos) euros**, impostos incluídos, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 10.A1.432.C.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018. **A este crédito asignaranse os gastos derivados da consecución dos dereitos de emisión** por parte da Agadic a través do CGAI así como **os custos xerados polo transporte e envío dos filmes e os de comisariado e preparación dos programas se os houbese.**

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e do Cineclube. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio.

En calquera caso o Cineclube poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a entidade acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **17 de decembro de 2018.**



DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO

Será de aplicación no desenvolvemento deste convenio a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, os principios establecidos na lexislación de contratos.

DÉCIMO CUARTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta

Director

(P.D. do Presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/08/2012)



POLO CINECLUBE LUMIÈRE VIGO

Xoán Manuel Novegil González-Anleo

Presidente